

A ESCOLA DA VIDA

Secuestros, raptos e outros infortunados sinistros

24.04.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Parece que algúns feitos delituosos teñen unha incidencia cotiá tan habitual nalgúns lugares que deixan de ser noticia tanto alí como no resto do mundo. É o caso dos denominados secuestros express. Ese tipo de acto, polo que se lle priva a unha persoa da súa liberdade e se lle pon á súa familia na difícil diatriba de ter que conseguir o diñeiro reclamado polos captores en pouco tempo, dáse con demasiada frecuencia en países como México ou Venezuela, grazas á desidia da Policía e a proliferación da delincuencia organizada que converten estes feitos en realidades insoportables para o conxunto dos cidadáns.

Aquí, á outra beira do charco, as desaparicións de persoas son máis ben esporádicas, aínda que non inhabituais. Boa proba diso son as múltiples noticias de desaparicións de menores, aínda que, na maioría das ocasións, non se trate máis que de simples fugas do fogar. Pero, nalgúns casos, revélanse como secuestros e os seus raptos son os seus propios pais ou nais que o fixeron sen coñecemento da súa parella ou do xuíz, cando hai de por medio unha separación ou divorcio. Porén, o peor pesadelo chega cando é outro adulto o que engana a un neno ou unha nena para retelo.

O último suceso ocorrido con este escenario tivo por protagonista un neno portugués que foi traído a Galicia mediante un engano: unha cita cunha suposta moza que coñeceu a través de internet. Internet, o novo lugar para ligar, o escuro pozo en que naufragan os pais que se manteñen á marxe das relacións dos seus fillos co resto do mundo ou que son apartados por estes mediante a transmisión de información sobre onde ou con quen quedan cando franquean a porta da súa casa. Este é un problema de difícil solución para os pais, pero non insoluble. Para iso, teñen que manter cos fillos todo tipo de conversacións, co fin de coñecerlos no seu proceder cotián e situarse ambas as dúas partes na comprensión dos perigos e dificultades ás que se poden expor. De calquera forma, sempre haberá situacións en que un arrouto ou un infortunio poderán dar lugar á fatalidade. É o azar da vida. Ante iso só cabe a investigación policial e a colaboración dos demais na súa busca e recuperación. E cando apareza, a comprensión e o apoio de todos ante as situacións que puido vivir pode ser o revulsivo para que o feito adquira o nivel dunha simple anécdota na súa vida.